

Empezamos o tempo de Pascua, que desde a celebración da Vixilia Pascual nos vai levar durante seis semanas á solemnidade da Ascensión, logo á de Pentecoste, na que celebraremos a presenza do Espírito Santo nas nosas vidas cristiás, na vida de todas as persoas e realidades que hai no mundo.

Durante a oitava de Pascua o Evanxeo de cada día permite aproximarnos á experiencia daquelas persoas que dun xeito sorprendente tiveron a experiencia de que Cristo estaba vivo no medio delas, no medio da comunidade, no medio do mundo. Morrera, pero a morte non lle arrebatara a capacidade de estar no medio dos seus –todo o mundo é seu--, iso si, dunha forma nova, que se percibe cunha sensibilidade nova.

Durante o tempo da Pascua invitarásenos a realizar nos mesmos esa experiencia de encontro con Cristo resucitado; cousa que non é cuestión de ningún tipo de maxia, senón cuestión de estar moi atentas/os á vida de cada día, pois é na vida de cada día onde Xesús se nos amosará a través de pequenos sinais que falan del, que nolo fan presente. Por exemplo, se eu levo tempo sen lle falar a unha persoa veciña, percibo que iso é un atranco para a nosa felicidade, e me dispoño a retomar esa relación, é a vida que trunfa en min, é Xesús que resucita en min, ou eu nel. Ou se estaba deixando de participar en algo comunitario, e vexo que non podo deixar de lado os intereses comunitarios, e me dispoño a volver a botar unha man, é a vida que trunfa en min, é Xesús que resucita en min ou eu en Xesús.

A Pascua é un clamor de vida, un clamor pola vida. A nosa Pascua sempre será unha Pascua parcial, en camiño. Pero é Pascua, porque é gustar xa o fermoso que é vivir, o fermoso que é compartir vida, o fermoso que é traballar para que a vida o envolva todo: natureza, animais, xente. A Pascua realízase sobre todo cando todo o máis fráxil da natureza, dos animais, das persoas, por fóra ou por dentro, é especialmente atendido, e recupera o gozo de vivir e de celebrar a vida. No nome do Deus da vida, que para a vida nos creou e para a vida nos recompuxo en Cristo Xesús.

## MEDITACIÓN A PARTIRES DO EVANXEO do Domingo de Pascua que fala de como María Magdalena chega ao sepulcro, atópao baleiro e corre a dar a nova aos demais.



Fixémonos en María Magdalena. Vai ser un personaxe clave en moitos dos relatos que teñen que ver coa resurrección de Xesús. A Magdalena é unha muller que percibira no seu ser a forza renovadora de Xesús; dalgunha maneira fora ela mesma resucitada por Xesús das moitas mortes que enchían a súa vida. Sabía de mortes, de amores, de renovacións increíbles, de resurreccións.

E, con estas vivencias no corazón, acudiu ao sepulcro. Moi cedo. O amor, a dor, non a deixara descansar. O amor mantíñalle vivo o desexo do reencontro. E volve ao sepulcro, cando menos para chorar ausencias. E atópase coa sorpresa dunha tumba baleira. Segue soñando cun corpo morto, sobre o que pousar todos os seus coidados amorosos.

Pero as cousas empezan a tomar outro rumbo. E se o morto non está morto? E se o baleiro, a forza de buscas, de amor e de fe, se vai enchendo dunha presenza nova? E corre a compartir coa comunidade os seus achados, as súas ansias, os seus amores, as súas dúbidas. Ela, a primeira testemuña da resurrección.

E, o mesmo que se correu a pedra do sepulcro, bótase a correr tamén unha roda de amores, de inquedanzas, de fe, de encontros, que permitiu ter o convencemento de que Xesús estaba vivo no seo do Pai, no corazón da comunidade, no corazón de cada persoa que lle abre as portas da vida, no corazón do mundo da solidariedade, que fora sempre o mundo de Xesús. Viron, entenderon e creron. E invítannos a todas e todos nós a un recorrido semellante. Desde a busca, desde a fe, desde o amor.

## Oración

Alegría, meu Deus,  
porque a noite se fai día,  
porque a esperanza renace,  
porque a morte se fai vida!

O que pasou con Xesús  
sucede nas nosas vidas.

Alegría, meu Deus,  
porque o amor é norte e guía  
que abre portas pechadas  
co gozo das amencidas!

O que pasou con Xesús  
sucede nas nosas vidas.

Alegría, meu Deus,  
canto vale a teimosía  
de quen corre, busca, loita  
con fe humilde, acendida!

O que pasou con Xesús  
sucede nas nosas vidas.



Alegría, meu Deus,  
porque a morte foi vencida  
porque a vida nos foi dada  
sen nós a ter merecida!

O que pasou con Xesús  
sucede nas nosas vidas.

